

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

DECRETO 34/2018, do 1 de marzo, polo que se aproban os estatutos da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario fundouse por Real decreto do 31 de outubro de 1849. A súa finalidade primordial é o cultivo das belas artes de Galicia en todas as súas varias manifestacións.

Por Orde do 17 de decembro de 1942 aprobouse o seu regulamento, posteriormente actualizado mediante Orde do 2 de outubro de 1990, co obxecto de adaptar o funcionamento da Real Academia á realidade social, cultural e político-administrativa do actual Estado das autonomías.

Os vixentes estatutos da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario foron aprobados polo Decreto 141/2004, do 25 de xuño. Os cambios introducidos a través deste decreto referíronse fundamentalmente ao número e denominación das súas seccións e á redefinición de académicos correspondentes.

Transcorridos máis de dez anos desde a dita modificación, cómpre unha nova adaptación da normativa que permita avanzar no correcto funcionamento da Real Academia. En particular, considérase necesaria a revisión do procedemento de selección dos distintos académicos, así como de determinados aspectos relacionados co seu funcionamento interno, ao mesmo tempo que se amplía o seu ámbito territorial, ao cultivo das belas artes de Galicia, tanto dentro como fóra da Comunidade Autónoma.

Na súa virtude, por instancia da propia Real Academia, de acordo co disposto no Decreto 392/2003, do 23 de outubro, polo que se regula o exercicio pola Comunidade Autónoma de Galicia das competencias en materia de academias de Galicia; por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día un de marzo de dous mil dezaioito,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación dos estatutos da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.*

Apróbanse os estatutos da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, cuxo texto se inclúe a seguir.



Disposición transitoria única. *Limitación de mandatos no cargo de presidente*

A elección a cargo de presidente só se verá afectada pola limitación de mandatos do artigo vixésimo primeiro desde a aprobación dos presentes estatutos sen computar o período para o cal foi elixido con anterioridade a ela.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Queda derogado o Decreto 141/2004, do 25 de xuño, polo que se aproban os estatutos da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, un de marzo de dous mil dezaoto

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO
**Estatutos da Real Academia Galega de Belas Artes
de Nosa Señora do Rosario**

CAPÍTULO I
Obxecto da Academia

Artigo 1. *Obxecto*

1. A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, asociada ao Instituto de España, é unha corporación oficial que, baixo o alto padroado de Súa Maxestade o Rei, ten como finalidade actuar como institución consultiva da Administración estatal e autonómica en todo o relativo á protección, acrecentamento e transmisión ás xeracións futuras dos bens culturais, segundo o previsto nos artigos 3.2 da Lei 16/1985, do patrimonio histórico español, e 7.3 a) da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, así como promover e realizar estudos de investigación para o fomento e desenvolvemento das manifestacións artísticas de Galicia, dentro e fóra dela.

2. A Academia ten o seu domicilio na praza do Pintor Álvarez de Sotomayor, 1, na Coruña.



Artigo 2. Funcións

1. A Academia, para o cumprimento deses fins, propónse:

a) Fomentar a investigación e a práctica das artes de Galicia.

b) Realizar e publicar investigacións arredor da arte de Galicia, dentro e fóra dela, así como catálogos, biografías, dicionarios e calquera outra clase de medios de estudo e difusión que poidan contribuír a enaltecer a riqueza artística de Galicia.

c) Velar pola conservación, valoración e difusión da riqueza monumental e artística de Galicia en canto estea ao seu alcance e na forma que requira cada caso.

d) Promover exposicións públicas, convocar concursos, organizar conferencias, cursos, concertos musicais e calquera outra manifestación artística. Así mesmo, fomentar a investigación, poñendo á disposición de quen a exerza, e para tal fin, os seus arquivos, biblioteca e coleccións.

e) Manter estreita relación, informativa, consultiva e asesora cos organismos públicos e privados que teñen ao seu cargo a defensa, a conservación e a restauración do tesouro artístico e monumental de Galicia, como tamén con outras academias de finalidades e estruturas semellantes ás súas.

2. Conforme o ordenamento xurídico español, a Real Academia Galega de Belas Artes ten personalidade xurídica e plena capacidade para adquirir, usar e dispoñer dos seus bens, sen outras limitacións que as establecidas polas propias leis.

**CAPÍTULO II
Organización da Academia****Sección 1ª. Dos membros e as seccións****Artigo 3. Membros**

1. A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario está constituída por catro categorías de académicos: numerarios, correspondentes, de honra e supernumerarios.

2. Os académicos de número non excederán trinta e cinco. Non existirá limitación de número para as categorías de académicos correspondentes, de honra e supernumerarios.



Artigo 4. Seccións

1. A Academia está composta por sete seccións:

- a) Pintura e gravado.
- b) Escultura.
- c) Arquitectura.
- d) Música.
- e) Expertos en artes.
- f) Arqueoloxía e museoloxía.
- g) Artes da imaxe.

2. Cada sección poderá ter un número máximo de cinco académicos numerarios.

Sección 2ª. Da elección e nomeamento de académicos numerarios

Artigo 5. Académicos de número

Para ocupar as prazas de académicos numerarios, en atención aos fins públicos perseguidos pola Academia descritos no artigo primeiro, serán elixidas persoas que deseen acoñecer o seu mérito con obras orixinais da arte que profesen, ou con estudos sobre as distintas especialidades.

Artigo 6. Vacantes

As vacantes de académicos de número serán anunciadas no *Diario Oficial de Galicia*, especificando no anuncio a sección a que pertencen e dando o prazo de trinta días naturais para presentación das solicitudes de ingreso, que teñen que ser en forma de proposta suscrita por tres académicos numerarios, que avalarán a idoneidade do candidato. Esta proposta acompañarase dunha sucinta relación dos méritos artísticos, científicos e culturais do interesado. Cada académico numerario soamente poderá asinar unha proposta por sección.



Artigo 7. *Propostas de cobertura*

As propostas serán dirixidas ao presidente da Academia, quen dará conta delas na primeira sesión ordinaria que se celebre, e procederáse á súa votación na seguinte sesión ordinaria.

Artigo 8. *Procedemento de elección*

1. A elección farase mediante votación secreta por papeletas coa indicación «si», «non» ou en branco.

2. Nela deberán participar, cando menos, as dúas terceiras partes dos académicos numerarios existentes, e, en caso de imposibilidade xustificada de asistencia persoal, admitirase o voto por correo, que deberá vir expresado da maneira seguinte para cada candidato: dentro dun sobre, en que se incluíra o remite completo do votante, introducirase outro sobre pechado, sen indicación persoal ningunha, no cal virá incluída a papeleta da votación. O incumprimento de calquera destas condicións e modalidades invalidará o voto.

Artigo 9. *Réxime de maiorías*

1. Quedará elixido o candidato que obteña maior número de votos, sempre que estes representen polo menos a maioría simple dos académicos votantes.

2. Se os candidatos a unha praza foren máis dun, a votación realizarase nunha papeleta única, na cal se incluíran os nomes dos candidatos e as distintas opcións de voto («si», «non» ou en branco). En caso de empate, repetirase a votación entre os dous máis votados e nela tomarán parte soamente os académicos numerarios presentes. En caso de novo empate, repetirase a votación na sesión ordinaria seguinte, na cal tomarán parte, de novo, soamente os académicos numerarios presentes; en caso de novo empate, procederáse a unha nova convocatoria da praza.

Artigo 10. *Nomeamento*

Elixido o novo académico, seralle comunicado oficialmente o nomeamento e daráselle un prazo de seis meses para a presentación dun discurso de ingreso sobre algunha das materias propias da Academia, que, unha vez aceptado pola Xunta de Goberno, será lido polo interesado e ao cal deberá contestar, en representación da corporación, un acadé-



mico de número. A seguir, o presidente entregaralle o diploma acreditativo do seu nomeamento e imporalle a medalla da corporación. O presidente, no entanto, atendendo a motivos xustificadas, poderá conceder ao electo un segundo prazo de tres meses, transcorridos os cales, se non tivo lugar a presentación do discurso, declárase a vacante para unha nova provisión.

Sección 3ª. Dos académicos correspondentes

Artigo 11. Académicos correspondentes

A Academia poderá conceder o título de académico correspondente ás persoas que, calquera que sexa a súa residencia, xulgue acreedoras a esta distinción, polo mérito dos seus traballos artísticos ou de investigación, ou sexan obxecto dun intercambio con outras academias, valorando, en todo caso, a súa vinculación con Galicia.

Artigo 12. Convocatoria, propostas e procedemento de elección

1. A convocatoria de prazas de académico correspondente será comunicada pola presidencia en sesión ordinaria e abrirase o período dun mes para presentar as candidaturas desde o seu anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

2. A elección de académicos correspondentes verificarase na mesma forma que a dos numerarios, tanto nas propostas como na votación. As solicitudes de ingreso teñen que ser en forma de proposta subscribida por tres académicos numerarios, que avalarán a idoneidade do candidato.

3. Estes académicos poderán asistir ás sesións da Academia a que sexan convocados, con voz pero sen voto.

Sección 4ª. Dos académicos de honra e supernumerarios

Artigo 13. Académicos de honra

1. A Academia poderá conceder título de académico de honra a aquelas persoas que sexan consideradas de relevante e consagrada personalidade artística ou a grandes protectores ou investigadores das artes, ou que se distinguan, de modo eximio, no patrocinio e fomento das artes de Galicia.



2. Os presidentes da Academia que cumpriron polo menos dous mandatos poderán ser nomeados presidentes de honra.

3. As propostas deberán ir asinadas por tres académicos numerarios e dirixidas ao presidente da Academia, quen dará conta na primeira sesión ordinaria que se celebre.

4. Na seguinte sesión ordinaria procederase á votación, que será secreta. Quedará elixido o candidato que obteña maior número de votos, sempre que estes representen, polo menos, a maioría simple dos académicos votantes.

5. Se os candidatos a unha praza foren máis dun, a votación farase nominalmente. En caso de empate repetirase a votación entre os dous máis votados e nela tomarán parte soamente os académicos numerarios presentes. En caso de novo empate, repetirase a votación na sesión ordinaria seguinte, na cal tomarán parte, de novo, soamente os académicos numerarios presentes; en caso de novo empate, quedará deserta a praza e poderanse realizar novas propostas do xeito descrito anteriormente, repetindo o proceso.

Artigo 14. *Académicos supernumerarios*

Poderán ser nomeados académicos supernumerarios aqueles académicos de número que, por razóns de saúde ou por outros motivos persoais, o soliciten e a Academia llo conceda, así como aqueles académicos de número que, por imposibilidade manifesta de poderen cumprir cos seus deberes como tales académicos, a propia Academia determine que deben pasar a esta categoría. Pero, se esas causas cesasen, terían a opción de ocupar, sen novos requisitos, a primeira praza de académico de número que estiver libre na súa sección.

Artigo 15. *Dereito de asistencia*

Os académicos de honra e supernumerarios poderán asistir ás sesións da Academia, con voz e sen voto.

Sección 5ª. Dos dereitos e das obrigas dos académicos

Artigo 16. *Dereito de asistencia e utilización de distintivos*

Os académicos terán os dereitos que se sinalan nestes estatutos e, en particular, os de asistir ás sesións e exhibiren os distintivos da Academia.



Artigo 17. Obrigas

1. Os académicos numerarios deberán contribuír aos fins da Academia cos seus traballos artísticos, literarios ou de investigación, así como asistir ás súas reunións, formar parte das comisións e grupos de traballo e votar en todos os asuntos que o requiran.

2. Os académicos correspondentes poderán, así mesmo, contribuír cos seus traballos de interese para a arte.

Artigo 18. Responsabilidade dos autores das obras publicadas

Os autores dos estudos e obras literarias que a Academia publique serán responsables das súas opinións; a corporación, ao imprimilas, só recoñece que son merecentes de ver a luz pública.

**CAPÍTULO III
Dos cargos académicos****Artigo 19. Cargos directivos e Xunta de Goberno**

1. Para a dirección dos traballos e representación da Academia haberá:

- a) Un presidente.
- b) Un vicepresidente.
- c) Un secretario xeral.
- d) Un tesoureiro.
- e) Un arquivista-bibliotecario.
- d) Un conservador.

2. Estes cargos formarán a Xunta de Goberno e será elixida por un período de catro anos.

3. O cargo do presidente será ratificado pola Consellería da Xunta de Galicia a que corresponda.



Artigo 20. *Presidente. Procedemento de elección*

1. O presidente será elixido en sesión extraordinaria por votación secreta dos académicos numerarios asistentes, entre os académicos numerarios que libremente se presenten como aspirantes ao cargo, ou entre os que un ou varios académicos numerarios propoñan. Nesta votación tomarán parte soamente os académicos numerarios presentes na sesión.

2. A elección farase mediante votación secreta por papeletas con indicación «si», «non» ou en branco. Nela deberán participar, cando menos, as dúas terceiras partes dos académicos numerarios existentes.

3. Quedará elixido o candidato que obteña maior número de votos, sempre que estes representen, polo menos, a maioría simple dos académicos votantes.

4. Se os candidatos á presidencia foren máis dun, a votación realizarase nunha papeleta única, na cal se incluírán os nomes dos candidatos e as distintas opcións de voto («si», «non» ou en branco).

5. En caso de empate, repetirase a votación entre os dous máis votados. En caso de novo empate, repetirase a votación nunha sesión extraordinaria convocada para tal efecto, na cal tomarán parte, de novo, soamente os académicos numerarios presentes; en caso de novo empate, repetirase o proceso.

Artigo 21. *Designación da Xunta de Goberno e reelección do presidente*

1. Elixido o presidente, este designará os nomes que xulgue oportunos para ocuparen os demais cargos da Xunta de Goberno, que deberán recaer en académicos numerarios.

2. O cargo de presidente só poderá ser reelixido para un segundo mandato consecutivo.

Artigo 22. *Funcións do presidente*

Corresponde ao presidente:

a) Presidir a Academia, así como as seccións cando asista a elas.

b) Manter a observancia do regulamento e coidar que se executen os acordos.



c) Asinar a correspondencia oficial, ditames, consultas e informes que emanen da Academia e visar as certificacións e documentos que expida a secretaría.

d) Distribuír as tarefas académicas.

e) Sinalar os días en que se celebrarán as sesións e establecer, de acordo co secretario, os asuntos que se tratarán nelas.

f) Nomear todas as comisións.

g) Tomar providencias en casos urxentes, sen prexuízo de dar conta á Academia na primeira sesión.

h) Nomear os membros da Xunta de Goberno.

i) Ordenar ao tesoureiro os pagamentos, conforme os orzamentos, ou gastos acordados pola corporación.

j) Conceder aos empregados e dependentes licenza para ausentarse por tempo que non exceda un mes e nomear os que os vaian substituír interinamente, cando sexa necesario.

k) Representar a corporación en todos os casos ou actos en que sexa necesario.

l) Exercer todas as demais funcións e facultades que lle confiren os estatutos, regulamentos e acordos da corporación.

Artigo 23. *Vicepresidente*

Son funcións do vicepresidente axudar o presidente no desempeño do seu labor e suplilo en caso de ausencia ou imposibilidade.

Artigo 24. *Secretario*

Son funcións do secretario:

a) Dar conta da correspondencia e dos asuntos que se vaian tratar nas xuntas, tendo á vista todos os antecedentes necesarios para a súa atinada resolución.

b) Redactar e certificar as actas.



c) Redactar e asinar todos os documentos que se deban expedir en nome da Academia e certificar coa súa sinatura as comunicacións oficiais, que levarán sempre o visto e prace do presidente e o selo da Academia.

d) Redactar o resumo anual dos traballos e actividades da Academia e presentalo na sesión inaugural do período de sesión.

e) Conservar os selos da Academia.

f) Dirixir todas as dependencias administrativas da Academia, tendo ao seu cargo o arquivo administrativo da corporación.

g) Convocar, en nome do presidente, todas as xuntas e comisións da Academia.

Artigo 25. *Substitución do secretario*

En caso de ausencia do secretario, este será substituído polo membro da Xunta de Goberno que designe o presidente.

Artigo 26. *Tesoureiro*

O tesoureiro levará as contas da Academia, farase cargo dos ingresos que correspondan a esta, depositaraos nas contas que a corporación teña abertas e con cargo a elas satisfará os pagamentos que o presidente ordene. Ao final de cada exercicio económico presentará á corporación o estado de contas.

Artigo 27. *Arquiveiro-bibliotecario*

Son atribucións do arquiveiro-bibliotecario:

a) Ter ao seu cargo os libros que se integran na biblioteca da Academia, así como os manuscritos, debuxos, planos, gravados, fotografías, partituras musicais e materiais informáticos.

b) Coidar da formación de catálogos, índices e ficheiros convenientes para o mellor servizo da biblioteca.



c) Propoñer á Academia a adquisición de libros ou doutros materiais necesarios ou convenientes.

Artigo 28. *Conservador*

Son funcións do conservador velar pola aplicación de criterios museolóxicos no referente ao continente e contido da Academia, así como preparar catálogos e inventarios deles.

CAPÍTULO IV
Das sesións académicas

Artigo 29. *Sesións*

A Academia celebrará sesión ordinaria unha vez ao mes e extraordinaria sempre que a Xunta de Goberno así o acorde ou llo solicite a terceira parte dos académicos de número.

Artigo 30. *Quórum de sesións*

1. Para celebrar validamente as sesións requírese, en primeira convocatoria, a presenza da maioría simple dos académicos numerarios; en segunda convocatoria e sesións extraordinarias será válida a presenza dun terzo dos académicos numerarios.

2. Os académicos numerarios poderán delegar o seu voto noutro académico numerario asistente o cal exercerá o seu dereito a voto salvo nos casos de votación secreta. A delegación será para cada sesión e deberá constar por escrito.

Artigo 31. *Obxecto das sesións ordinarias*

As sesións ordinarias terán por obxecto, entre outros, os asuntos seguintes:

- a) Acordar canto proceda para o cumprimento dos fins da Academia.
- b) Ditaminar acerca dos acordos tomados polas comisións.
- c) Coñecer e, se procede, aprobar, as actas da sesión anterior, ou sesións anteriores, ordinarias ou extraordinarias, que non foren aprobadas.
- d) Todos os demais asuntos que lle competen, conforme estes estatutos e a lexislación ordinaria.



Artigo 32. *Adopción de acordos*

O presidente ordenará o despacho dos asuntos que figuren na orde do día. En todos os asuntos, tanto ordinarios coma extraordinarios, os acordos tomaranse nas sesións por maioría simple dos académicos numerarios presentes, a non ser que se acorde outra forma, salvo o establecido para a elección de académicos e de cargos. En caso de empate, o presidente poderá decidir a votación con voto de calidade.

Artigo 33. *Votación secreta. Escrutinio*

Nos casos en que se acorde votación secreta, o escrutinio e resumo dos votos farao o secretario en presenza do presidente e académicos votantes.

Artigo 34. *Votación secreta. Adopción de acordos en caso de empate*

Se nunha votación secreta houber empate, repetirase a votación na mesma sesión; en caso de novo empate, repetirase a votación na seguinte sesión.

Artigo 35. *Reunión das seccións*

As distintas seccións poderán reunirse para discutir e propoñer á Academia aquilo que consideren oportuno dentro do seu ámbito específico ou no contexto xeral da institución. As sesións realizaranse logo de petición de, polo menos, dous académicos da sección, e serán presididas polo presidente da Academia ou persoa en quen delegue.

**CAPÍTULO V
Réxime económico****Artigo 36. *Patrimonio, financiamento e orzamento***

1. O patrimonio da Academia está constituído por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica.

2. A Academia, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñan do seu patrimonio e, de ser o caso, con aqueles outros procedentes das axudas, subvencións ou doazóns que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas.



Ademais, financiarase co importe das vendas das súas publicacións e dos honorarios devindicados polos informes emitidos.

Así mesmo, a Academia poderá percibir outros ingresos por calquera procedemento lexítimo.

3. Confeccionarase un orzamento anual, no cal se recollerán, con claridade, os ingresos e os gastos.

CAPÍTULO VI Distintivo dos académicos

Artigo 37. *Distintivo dos académicos de número e de honra*

O distintivo dos académicos de número e dos de honra é unha medalla dourada, timbrada coa coroa real, propiedade da corporación, que mostra no anverso o busto dunha Minerva sobre esmalte azul, coa inscrición «Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario» e no reverso o antigo escudo de Galicia. Esta medalla penderá dun cordón coas cores branco e azul suxeito cunha presilla en forma de cruz de Santiago, en esmalte vermello. Unha miniatura da medalla poderá ser usada como insignia de solapa.

Artigo 38. *Distintivo dos académicos correspondentes*

Os académicos correspondentes poderán exhibir, como atributo da súa pertenza á Academia, a mesma medalla en prata e recibirán o diploma correspondente asinado polo presidente e o secretario da corporación.

CAPÍTULO VII Incidencias

Artigo 39. *Vacacións*

A Academia terá un período de vacación oficial nas súas tarefas durante os meses de xullo a setembro, ambos inclusive e, durante este tempo, quedan facultados o seu presidente e a Xunta de Goberno para resolveren cantos asuntos se presenten, dos cales deberán dar conta na primeira sesión que se celebre.



Artigo 40. *Incumprimento do deber de asistencia dos académicos de número*

Todo académico de número que non asista, polo menos, a dúas sesións dos plenarios convocados no curso académico pasará automaticamente a supernumerario.

Artigo 41. *Sancións*

Se algún académico, dentro ou fóra da academia, menoscaba de palabra, por escrito ou de calquera outro xeito o prestixio da corporación, será privado dos seus dereitos e procederase a sancionalo cun voto de censura, o cal se decidirá por votación secreta.

Artigo 42. *Interpretación dos estatutos*

Nos casos non previstos nestes estatutos, ou cando na interpretación ou aplicación dalgún dos seus artigos se susciten dúbidas ou dificultades, rexerá o que acorde o Pleno da Academia, que, se for necesario, elevará a súa determinación aos órganos superiores competentes.

Artigo 43. *Modificación dos estatutos*

Os presentes estatutos poderán ser modificados por petición da Xunta de Goberno ou dun terzo dos académicos numerarios, o que terá que ser referendado polo plenario.

